

ADDENDA NÚM. 2 AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE BANDE PARA O FINANCIAMENTO DA REDACCIÓN DUN PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS NA ZONA TERMAL

Dunha parte, María Martínez Allegue, Conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73 do 14 de abril), no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Pola outra parte, Sandra Quintas Vázquez, alcalde-presidenta do Concello de Bande, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente, na calidade na que interveñen, capacidade legal suficiente para o outorgamento desta addenda e para o efecto,

EXPOÑEN

I.- O 8 de novembro de 2023, asinouse un convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Bande para o financiamento da redacción dun Plan especial de infraestruturas e dotacións na zona termal, modificado pola addenda núm. 1 do 25 de abril de 2025.

II.- Na cláusula segunda do acordo vixente establécese a achega da consellería para levar a cabo as actuacións, coa seguinte distribución por anualidades:

Anualidade 2023	3.617,90 €
Anualidade 2024	3.617,90 €
Anualidade 2025	10.853,70 €

III.- O Concello de Bande, mediante escrito do 26 de setembro de 2025, solicitou unha reunión da Comisión de seguimento do convenio para adaptar os compromisos adquiridos á realidade da programación dos traballos que constitúen o obxecto do convenio.



A comisión de seguimento, segundo consta na acta da súa reunión do 20 de outubro de 2025 formula unha proposta de reaxuste das anualidades do convenio á realidade da execución do obxecto contractual subvencionado.

IV. As modificacións que se pretenden non varían o obxecto do convenio manténdose inalterables os exercicios orzamentarios previstos no convenio. Polo tanto, a aprobación do expediente non precisa autorización do Consello da Xunta.

Polo exposto, procede modificar o convenio vixente para adaptar os compromisos establecidos para cada unha das partes intervenientes no mesmo á nova programación dos traballos.

En consecuencia, as partes acordan subscribir a Addenda núm. 2, para a modificación do convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Modificación da cláusula segunda. Compromisos da Xunta de Galicia

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas asume os seguintes compromisos:

1.- Contribuír ao financiamento das actuacións descritas na cláusula primeira, cunha achega como máximo de dezaoito mil oitenta e nove euros con cincuenta céntimos (18.089,50 €), IVE engadido, equivalente ao 100% do custo de redacción do plan, con cargo a aplicación orzamentaria 11.03.521A.760.0, código de proxecto 2015 00253, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, distribuídos nas seguintes anualidades:

Anualidade de 2023	3.617,90 €
Anualidade de 2024	3.617,90 €
Anualidade de 2025	Sen dotación
Anualidade de 2026	10.853,70 €

Os aboamentos da achega efectuaranse do seguinte xeito:

1º. Tres mil seiscientos dezasete euros con noventa céntimos (3.617,90 €), logo da sinatura do contrato e entrega da metodoloxía xeral e diagnóstico socioeconómico do PEID.



2º. Tres mil seiscientos dezasete euros con noventa céntimos (3.617,90 €), logo da entrega do borrador do plan e do documento estratéxico para a tramitación da avaliación ambiental estratéxica.

3º. Dez mil oitocentos cincuenta e tres euros con setenta céntimos (10.853,70 €), que se dividirán en tres pagamentos:

- Tres mil seiscientos dezasete euros con noventa céntimos (3.617,90 €), logo de certificada a aprobación inicial do plan polo órgano municipal competente, así como a inserción dos anuncios de exposición pública.
- Tres mil seiscientos dezasete euros con noventa céntimos (3.617,90 €), logo de certificada a aprobación provisoria do plan polo órgano municipal competente.
- Tres mil seiscientos dezasete euros con noventa céntimos (3.617,90 €), unha vez aprobado definitivamente o plan polo órgano municipal competente.

O cumprimento das fases anteriormente indicadas, acreditarase conforme ao establecido no apartado seis da cláusula terceira.

Esta achega, de acordo co disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, declárase compatible, no seu caso, con outras achegas, axudas ou subvencións que a entidade beneficiaria destine á execución das actuacións que se describen na cláusula primeira. Non obstante, a suma total de todas elas non poderá superar o 100% do orzamento total que require a actuación. Neste caso, a axuda establecida neste convenio reducirase ata acadar o cumprimento establecido anteriormente.

2.- A consellería asumirá, ata o límite establecido no apartado 1 desta cláusula, o custo da redacción do plan, unha vez que polo concello se presenten as correspondentes certificacións de execucións dos traballos, segundo as fases establecidas na memoria técnica pola que se rexa o correspondente contrato de servizos para a redacción do plan suscrito polo Concello de Bande. Os aboamentos parciais que se efectúen, non superarán o 80% da porcentaxe subvencionable, nin excederán da anualidade correspondente ao exercicio orzamentario.

3.- A consellería resérvase o dereito de inspeccionar a execución dos traballos en calquera momento, durante a súa execución.

4.- Nomear, se fora o caso, de entre os seus funcionarios, a un grupo de traballo que dedicará unha especial atención ó desenvolvemento das actuacións establecidas neste convenio para a eficaz culminación da finalidade do mesmo.

5.- Para os efectos do previsto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, autorízase ao Concello de Bande, beneficiario da subvención, para que subcontrate ata o 100% do importe dos traballos necesarios para a redacción do instrumento de planeamento obxecto do presente convenio. Tal



autorización considérase concedida sen prexuízo, se é o caso, do cumprimento das previsións que establecen os números 3º e seguintes do devandito artigo 27.

Segunda.- Modificación da cláusula décimo segunda. Vixencia

O presente convenio producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente durante tres anos, sen prexuízo de que ambas as partes acorden unánimemente unha prórroga por un período máximo de tres anos adicionais en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia, en cumprimento das previsións recollidas no artigo 49. h) da Lei 40/2015.

Terceira.- Publicidade e rexistro

As partes asinantes deste acordo outorgan o seu consentimento expreso para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado acordo sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Cuarta.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

E para que así conste, de conformidade con canto antecede, no exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, e obrigando con iso ás Administracións que representan, asinan dixitalmente o presente acordo na data sinalada.

A alcaldesa-presidenta do Concello de Bande
Sandra Quintas Vázquez

A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas
María Martínez Allegue

